

Ollos abertos

Co esforzo de todos

Moitas familias foron progresando pouco a pouco de pais a fillos. Nós admirá-molas porque souberon progresar co esforzo de cada membro.



■ **Historia dunha familia**

Tataravó	Era un vendedor ambulante de teas que ía polos pobos cunha maleta e intentaba vender polas casas os seus produtos.
Bisavó	Poñía nos mercados dos pobos e cidades un posto de venda de teas e roupa, que recollía e empaquetaba ao rematar.
Avó	Comprou un pequeno baixo no mercado da cidade e alí vendía todos os días aos que ían comprar.
Pai	Montou unha tenda de tecidos e roupa nunha rúa céntrica da cidade, e alí, axudado pola súa muller, despachaba e atendía aos clientes.
Fillo	Abriu varias tendas de roupa cun gran almacén, dende o que distribuía os artigos a todas as tendas.



Mirada penetrante

O comportamento dos netos

Continuamos a historia da familia anterior. ¿Cal foi o comportamento dos netos?

Cada neto da familia anterior tivo un comportamento distinto, diferente ao dos demais:

■ **Catro actitudes distintas**

Neto 1: “Eu vou gozar do que herdei. Non me vou preocupar de deixar nada aos meus fillos”.

Neto 2: “Todo o que me deixaron non vale para nada. Vou montar outras tendas moito máis modernas”.

Neto 3: “Vou esforzarme por modernizar e mellorar a empresa, para deixar aos meus fillos unha herdanza aínda mellor da que eu recibín”.

Neto 4: “Non sería capaz de vender a empresa, aínda que me gustase máis outra cousa. Tampouco quero cambiar nada. Seguirei facendo todo como facía o meu pai”.

▶ ¿Con cal estás máis de acordo? ¿Por que?

▶ ¿Con quen estás en desacordo? ¿Por que?

■ A nosa resposta ao que recibimos

-
-
-

▶ ¿Cal é a historia da túa familia?

▶ ¿Que actitude temos ante o que ela nos deu?



Oídos atentos

A historia da Igrexa

A Igrexa empezou sendo un grupo reducido de persoas; pouco a pouco foi medrando e hoxe está presente en todos os países da terra.

■ 1 ■ Mandatos e consellos de Xesús á Igrexa

Xesús, ao fundar a Igrexa, deulle unha serie de recomendacións que debería ter en conta ao longo da súa historia, para cumprir ben a súa misión.



- 1 *Ide e facede discípulos meus a todos os pobos... ensinándolles a gardar canto vos mandei. (Mt 28,19-20)*
- 2 *Eu estarei sempre convosco, ata a fin do mundo. (Mt 28,20)*
- 3 *Se o mundo vos aborrece, sabede que me aborreceu a min antes... Se a min me perseguiron, hanvos perseguir tamén a vós. (Xn 15,18.20)*
- 4 *Ti es Pedro e sobre esta pedra vou edificar a miña Igrexa e as portas do Inferno non prevalecerán en contra dela. (Mt 16,18)*
- 5 *Que todos sexan un como ti, Pai, estás en min e eu en ti. (Xn 17,21)*
- 6 *Quen vos escoita a vós, escóitame a min. (Lc 10,16)*
Quen vos recibe a vós, recíbeme a min. (Mt 10,40)
- 7 *Xa que recibistes de balde, dade de balde tamén. (Mt 10,8)*


■ 2 ■ Unha breve historia da Igrexa

A Igrexa procurou ser fiel ao mandato de Xesús. A súa historia é longa e rica, contén moitos aspectos positivos pero tamén algúns fallos e defectos.

■ Acontecementos máis importantes

Velaquí algúns acontecementos significativos da historia da Igrexa:

- **Os concilios** os que o Papa con todos os bispos reflexionan para manter a fidelidade á mensaxe de Xesús e adaptarse aos novos tempos.
- **A extensión da Igrexa** polo Imperio romano, os pobos do norte de Europa, América, Filipinas, a India, Xapón, China, África...



- **As dificultades:** persecucións, rexeitamentos, indiferenza cara á súa mensaxe, tensións internas con motivo de distintas opinións.
- **A acollida da súa mensaxe,** a celebración e realización do Reino de Deus nos distintos lugares en que está presente a Igrexa.
- **A división** na Igrexa de Cristo: católicos, ortodoxos, protestantes...
- **Os pecados dos seus membros** e a riqueza e o poder excesivo que tivo nalgunhas épocas da historia.



► Sinala os acontecementos que valoras positivamente (+) e os que che parecen máis negativos (-).

■ Personaxes e institucións da Igrexa

Personaxes destacados	Institucións representativas
<ul style="list-style-type: none"> • Papas, bispos e sacerdotes que trataron de parecerse a Xesucristo Bo Pastor: Xoán XXIII, Xoán Paulo II, san Xoán de Avila. • Fundadores de ordes e congregacións relixiosas: san Bieito, san Francisco de Asís, San Ignacio de Loiola, san Xoán Bosco, santa Tareixa de Ávila... 	<ul style="list-style-type: none"> • As parroquias nas que se anuncia, se celebra e se vive a fe en comunidade. • Os seminarios e universidades para formar os futuros sacerdotes. • As ordes e congregacións relixiosas dedicadas a orar e atender aos pobres e necesitados.

Personaxes destacados	Institucións representativas
<ul style="list-style-type: none"> • Os santos todos, homes e mulleres, de distintos estados de vida: San Isidro Labrador, santa Rita, San Antonio. • Os mártires, que deron a vida por ser cristiáns: santa Lucía, san Lourenzo, san Blas... • Os teólogos, que axudaron a entender e explicar mellor a mensaxe de Xesús: santo Tomé de Aquino... • Os misioneiros, que percorreron moitos países para anunciar o Evanxeo: san Francisco Xavier... 	<ul style="list-style-type: none"> • Os mosteiros e conventos e onde se loa a Deus, se lle dá grazas e se pide polo mundo. • Os centros creados para atender aos que teñen máis necesidade: escolas, hospitais, asilos, orfanatos... • A catequese e o ensino relixioso para educar na fe os nenos, mozos e adultos. • Cáritas para axudar aos pobres e marginados, para promover a xustiza e o benestar integral.

► Aplica as sete recomendacións de Xesús aos acontecementos, personaxes e institucións.



Memoria esperta

A Igrexa na historia

A Igrexa recorda o que fixo na historia para estender o Reino de Deus. Invítanos a coñecer esa historia para sentirmos máis unido a ela.

■ ¿Cal é a misión da Igrexa ao longo da historia?

■ ¿Que fai o Espírito Santo na historia da Igrexa?



Mans activas

A Igrexa, nosa familia

Os cristiáns queremos á Igrexa como á propia familia e tratamos de que sexa como Xesús a quere.

■ Ante a historia da Igrexa


Un neno estaba moi atento na catequese ao que o sacerdote e o catequista lle contaban sobre a historia da Igrexa. Dicíanlle:

“A Igrexa ao longo da súa historia fixo moito ben á humanidade, aos pobres e aos marxina- dos. Dá grazas a Deus por todas estas cousas positiva”.

“É moi bonita a historia da Igrexa. Debes sentirte contento de pertencer a ela. Trata de coñecer a súa historia e de imitar a vida de tantos santos como existiron”.

“A Igrexa tivo moitos fallos. Debes compren- dela e pedir perdón por todo o que a afea. Trata de ser un bo membro dela; así será máis perfecta cada día”.

■ As nosas actitudes ante a Igrexa



► Coloca estas palabras no lugar onde corresponda. Son as nosas actitudes ante a Historia da Igrexa:

Agradecer

Amar

Apreciar

Coñecer

Imitar

Corrixirse

► Un bo compromiso: Trata de coñecer a vida dos santos aos que hai máis devoción na túa parroquia.